

RESOLUCIÓN

Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do planeamento. Sistema Xeral Viario SX-VI1B. Resolución recurso reposición finca nº 5.

EXPEDIENTE: 2024/U040/000001

ASUNTO: Recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva da Xunta de Goberno Local do 25 de agosto de 2025. Estimación parcial e aprobación de Addenda ao documento de aprobación definitiva do proxecto de expropiación do viario SX-VI1b en relación cos bens e dereitos afectados da finca nº 5.

I. ANTECEDENTES

1.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, celebrada con data 25 de agosto de 2025, acordouse aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral viario SX-VI1B, mediante o procedemento de taxación conxunta, conforme ao previsto no artigo 118 e seguintes da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e no art. 290 e ss do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o seu regulamento.

2.- Publicouse a convocatoria para o pago do importe da valoración establecida e levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, no Boletín Oficial da Provincia núm. 165 do 1 de setembro de 2025 e no taboleiro de anuncios do Concello o 26/08/2025. A notificación ao recorrente foi practicada con data 26 de agosto de 2025.

Convocado Miguel Ángel Mira Lista, o 18/09/2025 asinou a acta de pago e ocupación e percibiu o cheque polo importe de 111.694,98 € polo pago da finca nº 5.

3.- O 22/09/2025 e o 25/09/2025 (selado na Oficina de Correos o 19/09/2025) o interesado presenta desconformidade coa relación de bens afectados e coa valoración establecida para a finca nº 5 do proxecto de expropiación aprobado definitivamente o 25/08/2025.

4.- Con data 26/09/2025 Miguel Angel Mira Lista presenta no Servizo de Correos de Santiago de Compostela, escrito polo que formula RECURSO DE REPOSICIÓN contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 25/08/2025, polo que se acordou a aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral viario SX-VI1B. O dito recurso tivo entrada no Rexistro do concello de Carballo con data 03/10/2025 (núm. 202500000005476).

5.- Estudio Técnico Gallego, S.A. presenta o 05/11/2025 no Rexistro electrónico do concello de Carballo (núm. 202599900007171) *Addenda ao documento de aprobación definitiva*. O documento comprende informe da asistencia técnica relativo ao recurso de reposición, así como nova relación de bens e dereitos afectados pola expropiación da finca nº 5, unha vez estimado parcialmente o recurso, e tódolos documentos exixidos para a aprobación definitiva.

6.- O 06/11/2025 emítese informe de secretaría, estimando parcialmente o recurso de reposición formulado.

7.- O 14/11/2025 emítese a retención de crédito por parte do servizo municipal de intervención en relación á estimación parcial do recurso de reposición formulado polo titular da finca nº 5 e polo importe de 28.297,82 € (aplicación económica 1510.60000 - 22025006373, núm. de operación 220250013716 de data 13/11/2025).

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O acto que se recorre é o acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación, que, de acordo coa normativa urbanística vixente pon fin á vía administrativa, sendo susceptible de recurso de reposición, segundo o previsto no artigo 123 da LPACAP e no artigo 52 da LBRL.

Os erros detectados afectan unicamente á descrición e valoración de determinados bens, polo que se trata de defectos emendables que non invalidan o procedemento no seu conxunto, conforme ao artigo 48 da Lei 39/2015.

O recorrente solicita a suspensión da execución do acto impugnado, sen que conste acreditado prexuízo de imposible ou difícil reparación nin concorrencia de ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 47.1 da citada Lei 39/2015.

De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LBRL), en relación cos artigos 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) e 9 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), o órgano competente para a resolución do recurso é o Alcalde do concello de Carballo.

A LBRL, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

A STS 4731/2023, do 8 de novembro, en canto ao órgano competente en materia expropiatoria considera que *«no aparece expresamente mencionada en ninguno de los apartados de los arts. 21 o 22 de la LBRL, dedicados a enumerar las materias atribuidas respectivamente al alcalde y al pleno, ni cabe incluirla, de forma nítida ni excluyente, en ninguno de dichos apartados, siendo entonces obligado acudir a la cláusula residual de atribución de competencia que la propia legislación de régimen local nos proporciona. Esta cláusula residual se contempla en el art. 21.1.s) LBRL y atribuye tal competencia residual al alcalde»*.

En virtude da resolución da Alcaldía de data 13/10/2025 sobre delegación de competencias da alcaldía na Xunta de Goberno Local, corresponde a este órgano por ter delegadas -entre outras- as atribucións referidas ás «aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización». Nesta resolución, tamén se delegou na Xunta de Goberno Local a facultade de expropiación en expedientes de natureza urbanística, no relativo á aprobación inicial, a resolución de alegacións e a aprobación definitiva así como a facultade expropiatoria enmarcable na letra s) do artigo 21.1 da LBRL.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados, en virtude das atribucións que legalmente teño conferidas, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada por resolución da Alcaldía número 2944/2025 do 13 de outubro de 2025 (BOP núm. 208 do 30/10/2025) na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no artigo 10 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Segundo. Estimar parcialmente o recurso potestativo de reposición interposto por Miguel Ángel Mira Lista o 26/08/2025 mediante o Servizo de Correos e con rexistro de entrada neste Concello o 03/10/2025, núm. 202500000005476, contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 25 de agosto de 2025, de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos

terreos do sistema xeral viario SX-VI1B, en canto á relación de bens e dereitos afectados na finca nº 5.

A relación de bens de dereitos afectados pola expropiación que corresponden a Miguel Ángel Mira Lista é a seguinte:

MEDICIÓN UD	DESCRICIÓN	€/ud	VALOR €	PREMIO DE AFECCIÓN €	TOTAL IMPORTE €
682	m2 SOLO RÚSTICO PROTECCIÓN AGROP-SISTEMA VIARIO	11,21	7.645,22	382,26	8.027,48
84	M2 MURO DE BLOQUE (incluído 49,49 m zanja cimentación y hormigonado)	32,00	2.688,00	134,4	2.822,40
60	UD TULLA	11,00	660,00	33	693,00
1	UD PISCINA (4x11 m)- vaso de compensación de 5.000 incluída instalación de fontanería	26.400,00	26.400,00	1320	27.720,00
MEDICIÓN UD	DESCRICIÓN	€/ud	VALOR €	PREMIO DE AFECCIÓN €	TOTAL IMPORTE €
110	m2 SOLEIRA DE PLAQUETA CERÁMICA USO EXTERIOR	65,00	7.150,00	357,5	7.507,50
47	M3 MURO DE PEDRA FORMIGONADA (A 3 CARAS)	250,00	11.750,00	587,5	12.337,50
1	UD EDIF. (PEDRA TAQUEADA E CUBERTA DE PIZARRA 70 M2)	48.240,24	48.240,24	2.412,01	50.652,25
1	UD FONTE DECORATIVA	850,00	850,00	42,5	892,50
1	UD CUBERTA DE PISCINA ROBOTIZADA	8.050,00	8.050,00	402,5	8.452,50
1	UD TRASLADO PÉRGOLA (3x4 M)	125,00	125,00	6,25	131,25
163	M2 PAVIMENTO ADOQUINES PREFABRICADOS DE FORMIGÓN	42,00	6.846,00	342,3	7.188,30
215	M2 PARTERRE VEXETAL (mestura de plantas de xardín de ata 1,5 m)	16,00	3.440,00	172	3.612,00
1	ud POSTA EN FUNCIONAMENTO SISTEMA ELECTRICO	1.400,00	1.400,00		1.400,00
1	ud POSTA EN FUNCIONAMENTO SISTEMA DE REGO	580,00	580,00		580,00
1	UD. MESA SILESTONE FORMA DE L (lados maiores de 1,30 e 1,40 m; lados menores de 0,70 m e 0,80 m; ancho de 0,60 m; altura de 1,13 m)	645,95	645,95	32,3	678,25
23	ud. FOCO ILUMINTACIÓN LATERAL EN MUROS	26,00	598,00	29,9	627,90
3	UD. PUNTOS DE TOMA DE AUGA EN ACERO INOX	55,00	165,00	8,25	173,25
1	UD. LUMINARIA DE XARDIN DOBRE	72,00	72,00	3,6	75,60
2	UD. LUMINARIA DE XARDIN SINXELA	51,00	102,00	5,1	107,10
18	m2 PAVIMENTACIÓN DE PEDRA	45,00	810,00	40,5	850,50

7	UD PALMERA ADULTA	150,00	1.050,00	52,5	1.102,50
1	UD PINO	14,85	14,85	0,74	15,59
1	UD LAUREL	13,50	13,50	0,68	14,18
3	UD ARBUSTO DE XARDÍN	35,00	105,00	5,25	110,25
1	UD OLIVO ADULTO	125,00	125,00	6,25	131,25
1	UD DURA ATLANTICA	250,00	250,00	12,5	262,50
1	UD RODODENDRO	70,00	70,00	3,5	73,50
215	m2 PARTERRE VEXETAL (mestura de plantas de xardín de ata 1,5 m de altura)	15,00	3.225,00	161,25	3.386,25
1	Ud INSTALACIÓN FONTANERÍA (para recogida de pluviales y piscina)	350,00	350,00	17,5	367,50

TOTAL...	133.420,76	6.572,04	139.992,80
----------	------------	----------	------------

Parte destes bens e dereitos xa foron pagados ao interesado o 19/08/2025 mediante pago dun cheque polo importe de 111.694,98 €, polo que a contía a pagar será de 28.297,82 €.

Desestímase a inclusión na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación dos bens que se localizan na parte da finca que non resulta expropiada por mor do proxecto, quedando a disposición da propiedade. Non se inclúen na relación de bens e dereitos afectados nin na valoración dos mesmos as placas solares, existentes na parte non expropiada, quedando na propiedade do expropiado. Non se consideran susceptibles de indemnización os bens e dereitos que non resultan directamente afectados por mor do proxecto. A estes efectos, non quedan acreditados prexuízos económicos susceptibles de indemnización dos bens situados na partes de terreo non afectada (edificación e outras construcións, así como mobiliario de xardín), que a propiedade mantén en propiedade; todo iso sen prexuízo da ulterior valoración que puidera ser acordada polo Xurado de Expropiación.

Terceiro.- Desestimar o recurso de reposición formulado, no relativo á alegación de nulidade de pleno dereito formulada polo recorrente, por canto non concorre ningunha das causas taxadas no artigo 47.1 da Lei 39/2015. A invocación implícita do apartado e) do citado artigo —referido aos actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido— non resulta aplicable, posto que o proxecto foi tramitado conforme ao procedemento previsto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, e no seu Regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, existindo unicamente erros ou omisións parciais na descrición de determinados bens, que constitúen defectos emendables e non invalidables ao abeiro do artigo 48 da mesma lei.

Cuarto.- Desestimar o recurso de reposición formulado, en canto á solicitude de suspensión da execución do acto impugnado, por non acreditarse a existencia de prexuízos de imposible ou difícil reparación nin concorrer ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, nin os requisitos do artigo 117.3 da mesma norma. A suspensión, ademais, resultaría contraria ao interese público derivado da execución do planeamento urbanístico.

Quinto.- De acordo co artigo 293.9 do Decreto 143/2016, os erros non denunciados e xustificadas dentro do prazo legal non dan lugar á nulidade nin á reposición das actuacións, sen prexuízo do dereito das persoas interesadas a seren indemnizadas se corresponde. No presente caso, ao terse

formulado o recurso dentro de prazo e recoñecerse a existencia de bens omitidos, procede a súa corrección mediante a estimación parcial do recurso.

Sexto.- Aprobar a «*Addenda ao documento de aprobación definitiva do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: Sistema xeral viario SX-VIIB*», presentada pola entidade redactora o 05/11/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900007171, na que incorpora con respecto á finca nº 5, a nova relación de bens e dereitos coa súa valoración, un importe total de 139.992,80 €, motivada pola estimación parcial do recurso presentado.

Sétimo.- Notificar esta resolución a Miguel Ángel Mira Lista conferíndolle un novo prazo de vinte (20) días hábiles para manifestar a súa desconformidade coa valoración, de conformidade co artigo 190.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia. De non manifestar a súa desconformidade no prazo sinalado de 20 días, entenderase determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade (artigo 293.8 do Regulamento da Lei do solo de Galicia). En caso de desconformidade, darase traslado do expediente e da folia de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia.

Oitavo.- No caso de que non se formule oposición á valoración no citado prazo de 20 días, entenderase aceptada a fixada no expediente aprobado, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade (art. 118.8 da LSG).

Noveno.- A resolución de aprobación definitiva do expediente de expropiación por taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co artigo 118.10 da LSG e a ocupación comportará a necesidade de levantar unha acta nos termos contidos na lexislación estatal (artigo 293.10 do RLSG).

Décimo.- Autorizar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga de pago por importe de 28.297,82 € a Miguel Ángel Mira Lista, con cargo á aplicación orzamentaria 1510.60000 - 22025006373 (núm. de operación 220250013716 de data 13/11/2025), en concepto de prezo xusto pola estimación parcial do recurso presentado relativo á finca nº 5 do proxecto de expropiación.

As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas. O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 de artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo. Unha vez pagado o xusto prezo ou, no seu defecto, consignado o prezo poderase facer efectiva a ocupación dos terreos.

Os documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados pódense presentar no servizo de urbanismo en horario de 9 a 14 h en calquera momento anterior ao día que se fixe para o levantamento das actas de pago/consignación.

Undécimo.- Convocar a Miguel Ángel Mira Lista, titular da finca nº 5 afectada polo procedemento expropiatorio, na Casa Consistorial, sita na Praza do Concello, o día 4 de decembro de 2025 ás 11.00 horas co fin de proceder ao pago do importe resultado da estimación parcial do recurso presentado. Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente; o que terá lugar en presenza dun representante da Administración expropiante, e do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Carballo ou da persoa en quen delegue.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/U040/000001
Exp. 2025/G003/003646

Décimo segundo.- Publicar a convocatoria para o pago do importe da valoración establecida e levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Décimo terceiro.- Dar conta do Presente acordo a Concellería da Área de Obras municipais para o seu coñecemento, toma en consideración e tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de inclusión dos bens e dereitos afectados por este proceso no Inventario de Bens e dereitos do Concello de Carballo, así como as persoas designadas nas liñas anteriores.

Décimo cuarto.- Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello para o seu coñecemento e tramitación, no seu caso, da inclusión dos bens e dereitos afectados por este expediente expropiatorio no Inventario Municipal de Bens, e posterior inscrición rexistral dos bens obxecto de expropiación coa correspondente actualización catastral respecto da súa configuración e titularidade.

Décimo quinto.- Dar traslado aos departamentos de intervención e tesourería aos efectos pertinentes.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales